

SEMANA DE XOGOS CON MATERIAL DE REFUGALLO

A realización de **xogos con material de refugallo** ofrece ao alumnado situacións novidasas de manipulación de diferentes materiais que favorecen o desenvolvemento de valores e competencias como a igualdade, a iniciativa persoal, a autonomía, a concentración, o autocontrol e a autocrítica.

Os mestres de Educación Física consideramos interesante promover este tipo de actividades. Por iso imos celebrar no centro a vindeira semana, **(do 13 ao 17 de decembro)**, un **Obradoiro de construción de xogos con material de refugallo**, no que desenvolveremos, as seguintes actividades:

1. Obradoiro de construción de cazabolas



Material necesario:

- 1 botella de plástico.
- 1 pedaciño de fio duns 30 cm de longo.

2. Obradoiro de construción de peonza



Material necesario:

- 2 tapóns iguais de botellas de plástico
- 1 palillo redondo.

3. Obradoiro de construción de lanzadores



Material necesario:

- 1 botella de plástico de boca ancha.
- 1 globo.
- Cinta adhesiva.

NOTA: Os nenos *poderán escoller un, dous ou os tres malabares*, para o cal deberán traer o material necesario para calquera das opcións que escollan.